



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO (FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA) PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE E ÁS SÚAS FAMILIAS, E DO MANTEMENTO DE FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA PARA O EXERCICIO 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Federación galega de asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento (FADEMGA Plena Inclusión Galicia), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa súa formalización e ata o 31 de decembro de 2021. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realice FADEMGA Plena Inclusión Galicia dende o 1 de xaneiro de 2021 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia do mantemento de FADEMGA Plena inclusión Galicia, así como a realización de actividades a prol do colectivo das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio 2021 .

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase en que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade FADEMGA Plena Inlusión Galicia aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2021 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Maiores
e Persoas con Discapacidade

Edificio administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

galicia

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela



Xacobeo 2021

